

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 11 de setembro de 2024 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (espectroscopía IR-Raman), en virtude de probas selectivas convocadas mediante a Resolución do 3 de maio de 2023.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas mediante a Resolución do 3 de maio de 2023 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de maio) para cubrir con persoal laboral fixo unha praza da categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (espectroscopía IR-Raman), grupo II, pola quen- da de promoción interna, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os re- quisitos exixidos na base 2 da convocatoria, e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (espec- troscopía IR-Raman) a persoa que superou o proceso selectivo e que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato, ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que a persoa aspirante se encontre en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día seguinte hábil ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as si- tuacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderán asinar o contrato durante esta situación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publica- ción, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Número de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***5056**	Vázquez Fernández, Ezequiel

CVE-DOG: kq14dt80-8xx3-ro63-jsc8-nvqwicu8vp23

